

NOTA

Unha historia ambiental dos conflitos pola construción de encoros en España e Italia (s. XX-XXI). Presentación do proxecto Marie Curie DAMSECIS

Data: 04/11/2025

Título: Unha historia ambiental dos conflitos pola construción de encoros en España e Italia (s. XX-XXI).
Presentación do proxecto Marie Curie DAMSECIS

Relatora: Judit Gil Farrero (Università degli Studi dei Bergamo)

Hora: 15 h

Lugar: Aula 6. Facultade de Historia



Encoro de Belesar. Fonte: Wikimedia

(https://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/thumb/0/0d/Encoro_de_Belesar%2C_2017.jpg/1024px-Encoro_de_Belesar%2C_2017.jpg)

Judit Gil-Farrero é investigadora postdoutoral Marie Curie na Università degli Studi dei Bergamo (Italia). É licenciada en Ciencias Ambientais (Universitat Autònoma de Barcelona, UAB) e mestrado e doutora en Historia da Ciencia (UAB). Foi profesora asociada de historia da ciencia na Universidade de Zaragoza (UNIZAR) e na Universitat de Barcelona (UB), e investigadora postdoutoral en UNIZAR. É a editora de Sabers en acció (<https://sabersenaccio.iec.cat/é/>) e a secretaria editorial de Historia Agraria (<https://www.historiaagraria.com/es/>). Os seus temas de investigación céntranse na análise, desde unha perspectiva interdisciplinar, de conflitos ambientais e as estratexias seguidas para ocultalos e visibilizalos, os impactos ambientais de políticas públicas relacionadas co medio natural, o rol dos expertos nos conflitos ambientais, os procesos de protección de espazos naturais e a percepción da natureza e a paisaxe. O seu proxecto actual (DAMSECIS) pretende identificar os elementos que converteron a construción de presas en conflitos ambientais, analizar o seu impacto nas comunidades locais desde a súa planificación ou construción en diante, e construír unha visión xeral da construción de presas en España e Italia desde 1900 ata a actualidade, adoptando unha perspectiva comparativa e internacional e revelando o que as narrativas hexemónicas han ocultado e silenciado.

Máis Información: histagra@usc.es. Tel. 881971010 (ext. 100)